Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal

**Exp. 2024/G003/000719**

# RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** DECRETO NOMEAMENTO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DEFINITIVA EN PROPIEDADE MEDIANTE SISTEMA DE OPOSICIÓN POLA QUENDA LIBRE DUNHA PRAZA DE OFICIAL DE PRIMEIRA ALBANEL

**EXPEDIENTE DECRETO:** 2024/G003/000719

**ANTECEDENTES:**

Decreto de alcaldía 85/2024 de data 31/01/2024, pola que se aproban as Bases da convocatoria do proceso selectivo para a cobertura definitiva en propiedade mediante sistema de oposición pola quenda libre dunha praza de oficial de primeira albanel. Expediente TEDEC nº 2024/E001/000001.

Publicación con data 05/07/24 14:30:05 da Acta III pola que se aproba a lista definitiva de puntuacións, proposta de contratación e lista de reservas e requírese ao primeiro candidato/a por orde de puntuación para que aporte a documentación establecida nas bases da convocatoria.

Aportación, con data 08/07/2024, da documentación solicitada para o nomeamento e informe do departamento de persoal de data 31/07/2024 de que a mesma se axusta ás bases da convocatoria.

Informe de fiscalización de data 11/07/2024 co asunto: Bases para albanel do concello de Cee. EXPEDIENTE: 2024/E001/000001

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO**:

1- Nomear a **ALBERTO TRILLO PRADO** (DNI ***3307**) para ocupar unha praza de Oficial de primeira albanel, Grupo de clasificación: IV do Convenio Colectivo, Tipo de relación xurídica: persoal laboral fixo. Correspondencia RPT: vacante, código 010102.

2- Advírtese o interesado que, segundo establece a base Duodécima da convocatoria a toma de posesión deberá ter lugar nun prazo de vinte días naturais a contar dende o seguinte ao seu nomeamento, literalmente: “O/a aspirante nomeado/a deberá tomar posesión no prazo de vinte días naturais a contar dende o seguinte ao seu nomeamento, que será obxeto de publicación no BOP.”

3- Infórmase ao candidato que a toma de posesión da praza de Oficial de Primeira Albanel, suporá o cese na praza que actualmente ocupa actualmente: posto oficial de primeira de mantemento de polideportivos (Bases para a formación dunha bolsa de emprego para as substitucións do posto de oficial de primeira de mantemento de polideportivos en supostos de ausencia, incapacidade e situacións análogas da titular. BOP30/09/2021).

4- Conforme as Bases que rexen o proceso, o decreto de nomeamento será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia.

5- Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer o recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou, dentro do prazo de UN MES, ou ben impugnala directamente perante a orde xurisdicional contencioso-administrativa dentro do prazo de DOUS MESES, contados desde o día seguinte á súa notificación, todo iso de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Así mesmo, poderá interpoñer o recurso extraordinario de revisión en vía administrativa, perante o mesmo órgano que o ditou, polos motivos e no prazo previsto no

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CVD: p/9M+2G78B5c0hb9DWL7
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Cee

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal



artigo 125 da Lei 39/2015

Notificarlle a presente resolución aos interesados, con indicación expresa dos recursos a interpor, e darlle conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que realice.

Notificarlle a presente resolución aos interesados, con indicación expresa dos recursos a interpor, e darlle conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que realice.

En CEE, na data da sinatura electrónica.

A alcaldesa, *Margarita Lamela Louzán*

A secretaria, *Rocío Hermida Cancela*

[Documento asinado electrónicamente]

CVD: p/9M+2G78B5cOhb9DWL7
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)